

a súa manifestación de que podo chamala cando queira.

E deulle algún truco?

Non é que mo dixera, pero se o fixera non o ía contar aquí. Teño que gardalo como truco.

Como é a relación na nova Mesa da Cámara?

A Mesa é ante todo institucional, todos os compoñentes. Eu creo que todos estamos elixidos para unha representación institucional, e eu despois non lle digo a ninguén con quen se ten que tomar o café. Só pido que na Mesa sexamos todos institucionais e saibamos todos cal é o noso papel. A primeira reunión foi cordial. Tampouco ten máis historia a mesa, é case tramitación administrativa. O debate en todo caso se dará na Xunta de Portavoces e no Parlamento.

Vostede ten dito que a reforma do Estatuto será un obxectivo nesta lexislatura.

Falei de dous temas que poderían ser centrais: a reforma do regulamento e do Estatuto, que tratarei de impulsar dende a Presidencia. É certo que houbo un intento na lexislatura pasada que non saliu, non se foi capaz de chegar a un punto de equilibrio en determandas cuestións. Dentro duns puntos de partida, que non enganamos a ninguén, que sexa un estatuto bo para Galicia, que sexa un Estatuto constitucional e que a ser posible o fixeramos por acordo. Cando hai tres grupos con criterios moi dispares en determinada cuestións, ou buscamos un equilibrio e partimos que todos queremos chegar a un acordo. Se un fai cerrazón nunha postura e outro noutra, é imposible. Dende o Grupo Popular hai unha intención de sacar esto adiante, espero que desde o resto haxa o mesmo interese. Se se resolve o recurso de Cataluña, ao mellor é máis doado falar de certas cuestións.

E vaise aproveitar o traballo feito na pasada lexislatura?

Creo que sería unha irresponsabilidade tirar coas cousas feitas. Un ten un punto de partida moi importante e sería unha irresponsabilidade tirar pola borda cuestións que levaron horas. Chegouse a moitos acordos. Seguro que hai moitas cousas aproveitables, polo menos como punto de partida. Nós imos presentar un proxecto sobre o que debater, o que non quita que ese proxecto non poida recoller moitas das cousas sobre as que se debateron e sobre as que houbo acordo. Aproveitando sempre o feito e as cuestións onde pode haber acordo.

E como encaixaría a cuestión da nación?

Eu asumo profundamente o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Constitución, desde ese punto de vista entendo a nación desde hai moitos anos. Outra cousa é que se poida entender o Estatuto de Autonomía de Galicia e se poida che-

ESTATUTO DE AUTONOMÍA

“Se se resolve o recurso do Estatuto de Cataluña, ao mellor é máis doado”

TRABALLOS DE REFORMA

“Seguro que hai moitas cousas aproveitables, polo menos como partida”

ESTATUTO E CONSTITUCIÓN

“Respectando ambos, teño moi claro cal é a nación neste momento”

gar a un concepto asumible polos tres grupos. Eu neste momento, respetando o Estatuto e a Constitución, teño moi claro cal é a nación neste momento.

Ten ante vostede varios retos importantes. Poderá traballar con liberdade para levalos a cabo?

Teño claro que se o presidente do PP e futuro presidente da Xunta confiou en min para a Presidencia do Parlamento, sabe que algo intentarei facer. Non me puxo, agardo, de floreiro decorativo. Estou na máis alta representación do poder lexislativo e hai unha serie de funcións que cumprir. Agarda de min que lle faga unha diagnose e unha serie de propostas. Gustaríame que o Parlamento fose un centro vivo e transparente. Entendo que hai cuestións que é posible mellorar e eu planteareinas. Teño unha oportunidade e non penso pasar polo posto de presidenta como quen entra por un sitio e sae por outro. Algo quero aportar.

E non ten medo de que se os cambios se fan a fondo, lle pase factura no seu partido?

Iso se verá, se me botan ao rematar a lexislatura. Hai cuestións nas que non podes pensar se tes a maioría absoluta, porque igual mañá non a tes. Hoxe estás ti no goberno e mañá está outro, un non pode plantexar só as cousas para cando goberna. A visión cortopracista en política é moi mala. Hai que ter unha mínima visión a medio prazo, en política en xeral. O cortopracismo non da bos resultados. A miña intención é aportar, aínda que sexa un mínimo grao de area, á institución que teño a honra de representar.

Din que hai deputados que falan en galego dentro do hemiciclo e logo fora empregan o castelán.

Cando a xente vai tomar café, cada quen é libre de falar como lle pete. Hai moitos deputados que parece que teñen a obriga de falar galego no Parlamento, cada vez que hai un debate, e que despois falan castelán na barra do bar. Cada quen



Pilar Rojo, nun intre da conversa

AMADOR LORENZO

“Feijóo confiou en min e non me puxo de floreiro decorativo”

fala como quere na súa vida privada, eu como deputada sempre pensei que tiña que falar galego no Parlamento, porque era a miña pequena aportación. Na miña vida de diario son castelán parlante. Eu aprendín galego, fun a clase de galego e costoume un esforzo poder falar como falo agora. Recordo cando cheguei á Delegación de Cultura, que non tiña ningunha experiencia de falar ante os medios e unha das primeiras cousas que fixen foi inaugurar unha exposición de pintura. E quería facelo en galego. Estiven toda unha tarde aprendendo o que tiña que decir, como o quería decir para falar un bo galego e falalo con certa naturalidade. Ás veces escoitas á xente decir que non fala galego porque o fala mal. Eu sei que meto moitas pifias e cometo moitos erros, pero aprendo e melloro. Non estaría de máis que no propio Parlamento tiveramos oportunidade de perfeccionar o noso galego.

PERFIL

PILAR ROJO NOGUERA
PRESIDENTA DO PARLAMENTO

A Coruña (1960)

Casada e con dous fillos, Pilar Rojo é, xunto co propio Alberto Núñez Feijóo, a única dos ex conselleiros de Manuel Fraga que continuará esta lexislatura no Parlamento. Antes de se converter na segunda autoridade de Galicia, esta arquitecta coruñesa de nacemento e pontevedresa de sentimento, estivo dúas lexislaturas na Cámara galega, na que ocupou cargos de responsabilidade, xa que presidiu unha comisión e posteriormente foi voceira adxunta do Grupo Popular e estivo na Comisión da Reforma do Estatuto de Autonomía. Tamén foi voceira dos populares nos temas de Vivenda e Urbanismo, asuntos nos que é unha experta é que a levaron a entrar na Administración Pública, primeiro en Mallorca e logo en Pontevedra, onde entre 1990 e 1996 exerceu como arquitecta de Facenda na delegación provincial de Economía y Hacienda. Vinculada ao PP pontevedrés e amiga persoal do líder popular, Mariano Rajoy, entrou na política activa en 1996, cando foi nomeada delegada provincial da Consellería de Cultura e Comunicación Social. Xa en 2003, mediada a lexislatura, Fraga colocouna de conselleira de Familia, Deporte e Voluntariado.

Ao respecto do debate desatado con Galicia bilingüe, onde se situaría vostede?

Entendo a súa posición vinculada á liberdade. Moitos dos seus postulados ao mellor non os comparto na súa totalidade, pero comparto a idea que para min é básica no plantexamento que fai Galicia Bilingüe, a liberdade. Aínda que algúns pensen que non, Galicia é unha comunidade bilingüe. Creo que é enriquecedor que haxa dúas linguas. Creo no deber de coñecer o galego, pero non estou en absoluto a favor da imposición.

Hai que derrogar o decreto do galego no ensino?

Nós plantexamos iso no noso programa, porque o decreto é unha imposición.

Continúa na páxina seguinte

>>